

DÍA INTERNACIONAL DA DIVERSIDADE FUNCIONAL OU DÍA DA DISCAPACIDADE


Hoxe día 3 de decembro, celébrase o día da Discapacidade con todas as actividades programadas por Carlos e por Rocío.

No Pavillón puxeron conos cun balón encima e tiñamos que levar posto un antifaz e coller o balón esquivando os conos. Un compañeiro



axudábase dirixíndote con instrucións.

Outra proba era a de escribir sen mans usando a boca e recoñecer letras cos ollos tapados.



Tamén había que ler os beizos intentando saber o que che di o teu compañeiro mentras tiñas posto un mp3 coa música moi alta.

A máis sinxela de todas as probas era usar una cadeira



de rodas esquivando uns conos facendo zig-zag e subindo por unhas colchonetas.



A proba máis difícil era a de esquivar conos e colocar un balón enriba dun deles, tendo os ollos vendados.

Luis Manuel Rodríguez Diz 2º ESO

